

OBRADOIRO: O DIÁLOGO A PARTIR DO XOGO, O BAILE E O MOVEMENTO.

LIDIA GÓMEZ FRAGA.

SANXENXO, ABRIL 2016.

-Xogo de presentación: Cada persoa escribe o seu nome e unha pregunta ou pensamento que lembre da infancia. Camiñar bailando ao escoitar unha música. Para a música e saúdan ao primeiro que atopan, preséntanse, lense a pregunta, falan de onde traballan....Plan de diálogo: O saúdo.Por que é importante saudar?, para que saudamos?... Música de Bos días de Fíos de querer

-Todos xuntos en roda bailamos coa cantiga Alegría do disco de María Fumaça. Plan de diálogo sobre Que é a alegría, que pasaría se sempre estiveramos alegres....

-Xogar co paracaídas.Bailar debaixo do paracaídas. Bailar en parellas, en tríos...Os que hoxe están contentos, tristes, enfadáronse hai dous días, están namorados, os que están ocupados, preocupados....Que eles digan algunha proposta...Música: A comedia de Deus de Rodrigo Leao.

-Bailar cun gorro en parellas. Un queda sen parella e ten un gorro.Elixer con quen bailar e ponlle o gorro á parella con quen estaba bailando para que esta persoa vaia buscar outra parella .Diálogo sobre o que é elixir. Se podemos elixir todo, se hai algo que non poidamos elixir...Música Jailhouse de Elvis Presley.

-Todos en roda cos brazos abertos agardando unha aperta, ao mesmo tempo poden bailar coa música que soe, unha persoa no medio corre e para cando queira para abrazar a outra. Plan de diálogo: As apertas, por que damos apertas?, gústanos recibilas ou dalas?, a quen nos gusta dar apertas?... Música: La moto de Los Bravos.

-Dúas ringleiras de persoas. Unha pasa polo medio e antes de pasar di o seu nome no ton e intensidade que queira. Pasa polo camiño de compañeiros/as movéndose como queira. Ao final está agardándoo/a alguén para abrazala. Neste xogo podemos introducir o seguinte:

-O lavado de coches. Eu son (di o seu nome) e ao pasar dicirlle algo bonito ao oído mentres o masaxeamos (o lavado do coche). Plan de diálogo: Por que temos nome? Que pasaría se non tiveramos nome? Gústavos o voso nome?. Música do Proxecto Miroscopio:Oscar.

-Individualmente moverse coa cantiga Sonríe de Rosana. Plan de diálogo: Sorrir. Por que sorrimos?. Temos que sorrir sempre? É bo sorrir ?Cando non podemos sorrir?

-O xogo do nudo: en pequeno ou gran grupo os participantes unidos polas mans, un sóltase e empeza a formar un nudo cos compañeiros/as .Plan de diálogo: Facerse un lío. Ter un problema. Solución a un problema. Pedir axuda.Música: Adivina adivinanza do disco Un barco de sueños.

-Bailar en tríos. Dous sentados ven a un terceiro que baila só. (Traballar a escoita)
.Cantiga El reino del revés de María Elena Walsh. Plan de diálogo: Dar exemplos do mundo ao revés.

-O xogo tradicional do pano: Dous equipos colocados en ringleiras separadas e enfrente, cada participante ten un número do 1 ao máximo que teña o equipo, un participante no medio di un número, quen teña o número terá que intentar coller o pano facendo un animal, poñendo unha cara, con pasos grandes, pasos pequenos,...Plan de diálogo: As fronteiras. Que son?. Para que serven ? Por que existen?. Imaxínade que no voso país hai guerra e queredes escapar pero non podeades porque hai unha fronteira e non vos deixan pasar...Música do proxecto microscopio : Lara.

-Individualmente camiñar movéndonos coa cantiga Riso de Rui do disco María Fumaça. Plan de diálogo: o que está ben, o que está bo.

-En parellas : un fai unha escultura co corpo do outro. Música : Si abro los ojos do disco Un barco de sueños. Plan de diálogo : Que sabemos facer, o que nos gusta facer...

-Relaxación. Imaxinar coa música. Contar con que soñaban...Música do proxecto Microscopio: Antón.

-A Caixa cun espello dentro. Idea de precioso : algo valioso, único, irrepetible, fráxil, delicado ao que hai que coidar.

-Avaliación figuroanalóxica...:Quen queira avalía o que sucedeu no obradoiro, como se sentiu, o que aprendeu...para avaliar poden explicarse apoiando o seu discurso con diferentes obxectos: Un pano, nudo, pinocho, lapiceiro, pompeiro, gorro, paracaidista, cara alegre e triste, cd...